



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. DIRECCIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución sobre corrección de erros no calendario laboral do ano 2025 para a Provincia de Lugo

O DECRETO 171/2024, do 8 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2025, recolle no artigo 2 o seguinte:

"Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da dirección territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no Diario Oficial de Galicia. "

Á vista do que antecede, esta Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ditou resolución pola que se daba publicidade aos festivos da Provincia de Lugo.

Unha vez publicada a resolución, o día 07/01/2025 o Concello de Meira remitiu un escrito no que comunican que cometeron un erro material na data dun festivo do seu municipio.

Á vista do anterior, esta Dirección Territorial RESOLVE:

Corrixir o festivo da festa local de Meira, quedando fixado o día 16/08/2025.

Non se producen cambios no outro festivo local, o martes de Entroido o día 04/03/2025.

Publicar o anuncio da corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 17 de xaneiro de 2025.- A directora territorial, Carmen José López Rodríguez.

R. 0126

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 17 de xaneiro de 2025, o Inventario de vías e camiños municipais; en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo - polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - e disposicións concordantes, exponse ó público na secretaría deste Concello, polo prazo de vinte días hábiles - que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia - a fin de que durante o mesmo, os interesados, poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as que se dirixirán ao Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

No suposto de non presentarse reclamacións o acordo inicial entenderase elevado a definitivo.

Begonte, 17 de xaneiro de 2025.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 0127

CARBALLEDO*Anuncio*

Advertido erro na Base número once das que rexerán o procedemento para a selección como persoal funcionario de carreira e polo sistema de concurso-oposición de dúas prazas de Administrativo, Escala de Administración Xeral, Subescala administrativa, do Concello de Carballedo (aprobadas mediante Resolución de Alcaldía N.º 2024/0539 e publicadas no BOP de Lugo de 2 de novembro de 2024) procedeuse, mediante Resolución de Alcaldía ditada con data 16 de xaneiro de 2025, a súa corrección, de tal xeito que donde dice “Concluído o proceso selectivo e aportada a documentación correspondente o nomeamento corresponderá á Alcaldía, na súa condición de xefatura directa do persoal, e será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado”, debe dicir “Concluído o proceso selectivo e aportada a documentación correspondente o nomeamento corresponderá á Alcaldía, na súa condición de xefatura directa do persoal, e será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia”

Carballedo, 17 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0128

LOURENZÁ*Anuncio***Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizos de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao **4º trimestre de 2024**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 04 de abril do 2025, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 16 de xaneiro de 2025.- Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0129

LUGO*Anuncio***Excm. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Instruído expediente en relación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza estrutural de Técnico Medio Xestión incurso no suposto do artigo 2.1 da lei 20/2021 polo sistema de concurso oposición e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 4 de maio de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 11/252 APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 2 de novembro de 2022 adoptou o acordo o 8/639 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022 DO CONCELLO DE LUGO CORRESPONDENTE A UNHA PRAZA ESTRUCTURAL TÉCNICO/A MEDIO XESTIÓN INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN.

- Polo Decreto Nº 10700/2022 do 08/11/2022 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de TÉCNICO/A MEDIO XESTIÓN INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo 8/639 Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 02.11.2022

Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 270 do 25 de novembro de 2022 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» núm. 236, de 14 de decembro de 2022. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 311, do 28 de decembro de 2022.

- Con data do 26 de xaneiro de 2023 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024 adoptou o acordo 5/88 MODIFICACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONCURSO-OPOSICIÓN/LIBRE (ARTIGO 2.1 LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL OEP 2022), APROBADAS POR ACORDO 8/639 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO O 2 DE NOVEMBRO DE 2022.

Dito acordo foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 086 do 13 de abril de 2024 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» núm. 99 do 23 de maio de 2024 e no “Boletín Oficial do Estado” núm. 133 do 1 de xuño de 2024.

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 13 de novembro de 2024 adoptou o acordo 6/489 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO XESTIÓN INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

- Polo Decreto Nº: 10996/2024 do 19/11/2024 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 10700/2022 do 08/11/2022 para o acceso en propiedade a unha praza de TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONCURSO-OPOSICIÓN/LIBRE.

O dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 275 do 28 de novembro de 2024

- Con data do 13 de decembro de 2024 rematou o prazo de presentación de enmendas, téndose recibido únicamente escrito presentado por dona María Cristina Nieto Pereira aportando a documentación requerida.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 7 de xaneiro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 270 do 25 de novembro de 2022 foi publicado o Decreto Nº 10700/2022 do 08/11/2022 polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONCURSO-OPOSICIÓN/LIBRE, que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo 8/639 Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 02.11.2022, figurando na base **6º LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE VALORACIÓN DOS MÉRITOS E CELEBRACIÓN DAS PROBAS:**

“6.1 Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Concelleira Delegada ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a relación nominal dos membros que compoñerán o Tribunal Cualificador. Aqueles que no prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito a ser admitidos, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo.

6.2. Logo de rematado o dito prazo, a Concelleira Delegada aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e determinará o lugar, a data e hora da valoración dos méritos, o cal se publicará na web e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 275 do 28 de novembro de 2024 foi publicado o Decreto Nº 10996/2024 do 19/11/2024 polo que se resolveu aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 10700/2022 do 08/11/2022 para o acceso en propiedade a unha praza de TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONCURSO-OPOSICIÓN/LIBRE.

Con data do 13 de decembro de 2024 rematou o prazo de presentación de emendas, téndose recibido únicamente escrito presentado por dona María Cristina Nieto Pereira aportando a documentación requerida.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Tendo en conta o anteriormente exposto e en base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo Decreto 4036/2024 do 30/04/24 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284 de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 10700/2022 do 08/11/2022 para o acceso en propiedade a unha praza de TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONCURSO-OPOSICIÓN/LIBRE que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS :

Apelidos e nome	DNI
ARIAS ARROJO, MARIA JOSE	***5193**
CARBALLIDO ROCA, MARIA ANGELES	***6148**
FERREIRO LENCE, JOSEFA	***4933**
GONZALEZ NEIRA, MARIA SOLEDAD	***3043**
NIETO PEREIRA, MARIA CRISTINA	***6033**
NUÑEZ POL, JOSE MANUEL	***7767**
PEREIRA FERNANDEZ, MARIA ANGELES	***2853**
RICO MENDEZ, MARIA ANGELES	***0669**
RICO MENDEZ, MARIA BASILISA	***0256**
RODRIGUEZ CABAÑAS, MIGUEL	***3652**
SAN ILDEFONSO LADRERO, JUAN IGNACIO	***9378**
TORRENTE PEREZ, FRANCISCO DENIS	***5950**
TORRON FOLGUEIRA, BLAS	***4027**
TROBO RODRIGUEZ, ALBA	***4935**

VILAS FERNANDEZ, ANA BELEN	***9407**
----------------------------	-----------

EXCLUÍDOS/AS :

Apelidos e Nome	DNI	Motivo de Exclusión
VAZQUEZ BARREIRO, SILVIA	***5139**	Presentar a solicitude fora de prazo

Segundo.- Fixar a data, hora e lugar para a valoración de méritos e realización do primeiro exercicio do mencionado proceso selectivo do seguinte xeito:

Data: 29 de xaneiro de 2025

Hora: 12:00 horas

Lugar: Oficinas nunicipais do Centro Sociocultural Uxio Novoneyra, sito na rúa Quiroga Ballesteros, s/n.

Os/as aspirantes/as deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Terceiro.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 8 de xaneiro de 2025.- Alcadesa-Presidenta, Excma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.

R. 0130

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 6/2025, de data 17 de xaneiro de 2025, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de decembro de 2025, na modalidade de SAF dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1)contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 17 de xaneiro de 2025 ao 16 de marzo de 2025.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 17 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0131

PANTÓN

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 17 de Xaneiro de 2025, aprobáronse as Bases que rexerán a convocatoria do procedemento de selección para a cobertura interina de un (1) posto de Auxiliar Administrativo/a do Concello de Pantón por excedencia do titular e a creación dunha bolsa de emprego para os supostos previstos no artigo 10 do EBEP. As bases reguladoras estarán expostas no Taboleiro de Anuncios do Concello de Pantón e na súa sede electrónica. O prazo de presentación de solicitudes será de **cinco (5) días hábiles** a contar dende o seguinte ao publicación do presente anuncio.

Pantón a 17 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0132

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, de data 15 de xaneiro de 2025, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de decembro de 2024, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 17 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0133